

RESUMO DAS NOVAS MEDIDAS PARA A DEESCALADA ANUNCIADAS HOXE POLO PRESIDENTE DA XUNTA

A falta do documento oficial do que vos informaremos unha vez que a Xunta de Galicia o publique, facilitámosvos os catro niveis de restrición que anunciou hoxe o presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijoo, para iniciar a desescalada e que entrarán en vigor o **venres ás 00:00 horas**.

NIVEL RESTRICCIÓN MÁXIMA

- **Concellos** de máis de 10.000 habitantes con incidencia acumulada a 14 días maior o igual a 250, entre o que se atopan os seguintes concellos: Pontevedra, Poio e Marín; O Grove e Sanxenxo; Carballo e A Laracha; **Tui**, Pontearreas, Moaña, Vilalba, Narón, Redondela, O Porriño, Cambados e As Pontes.
- Na **hostalería**: permitírase a apertura de **terrazas ao 50%** e como máximo **ata as 17:00 horas** e reunións dun **máximo de 4 persoas, conviventes ou non**.

NIVEL RESTRICCIÓN MEDIA -ALTA

- Concellos de máis de 10.000 habitantes con incidencia entre 150 e 250 en 14 días por 100.000 habitantes, que son os seguintes concellos: Almendras de Vigo (Vigo, Mos, Nigrán e Gondomar); Ferrol (Ferrol, Fene e Neda); Vilagarcía e Vilanova; Coristanco, Cabana, Malpica e Ponteceso; Meis, MEaño e Ribadumia; Cee, Dumbría, e Muxía. E, de forma individual, aos concellos de: Oroso, A Guarda, Vimianzo, Ribadavia, Xinzo, Vilaboa, Lugo, Lalín e Cangas.
- A hostalería poderá abrir cun aforo de 30% interior e 50% exterior ata as 17 horas e agrupación máxima de 4 persoas conviventes ou non.

NIVEL RESTRICCIÓN MEDIA

- Concellos de máis de 10.000 habitantes cunha incidencia entre 100 e 150 e nos de menos habitantes cunha incidencia entre 150 a 250, sendo estes concellos Almendra de A Coruña (A Coruña, Arteixo, Oleiros, Cambre e Culleredo); e Burela, Laxe, Silleda, Soutomarior, Pontecaldelas, Barro e Cercedo-Cotobade.
- Apertura da hostalería ata as 23 horas, cun aforo do 40% no interior e do 50% no exterior e reunións de máximo 6 persoas conviventes ou non.

NIVEL RESTRICCIÓN BAIXA

- Incidencia por debaixo de 100 nos concellos de máis de 10.000 habitantes e de 150 nos de menos, sen limitación de mobilidade, volvendo a situación anterior do 7 de novembro. todos os que xa estaban neste nivel e se suman: Santiago, Ames e Teo. Ourense, Barbadás e Pereiro de Aguiar. E tamén A Estrada e Ares.
- A hostalería abrirá un 50% no interior e un 75% no exterior ata as 23 horas e reunións máximas de 6 persoas conviventes ou non.